

## CERTAME MICRO-VÍDEOS

### MULLERES DESTACADAS DA NOSA HISTORIA

Con motivo do día 8 de Marzo, Día Internacional da Muller, **Espazocoop** Unión de Cooperativas Galegas en colaboración coa entidade de economía social Animosa (Alma e Coraxe SLL), convocamos un concurso que dea visibilidade as grandes mulleres que fixeron historia no mundo.

#### 1. OBXECTIVOS

Deseño e **elaboración dun micro-vídeo** que dea protagonismo a unha muller ou grupo de mulleres que fixeron historia, pola súa valentía, polo seu traballo, pola súa iniciativa, ou pola súa contribución positiva á sociedade e á historia, en calquera ámbito da vida (educativo, social, económico, político, cultural, deportivo, ou outros). O obxectivo é darlle **visibilidade ás mulleres** que tivesen algún tipo de vínculo ou relación coa **idiosincrasia cooperativa**, un comportamento e aptitude cooperativa, no seu quefacer ou no que destacasen. Polo que se valorará a cuestión dos valores e principios cooperativos, tanto na elaboración dos vídeos como na traxectoria vital ou profesional da persoa ou persoas ás que se faga referencia.

Traballo en equipo : grupos de mínimo 3 persoas e máximo o número de alumn@s dunha mesma clase.

#### 2. PARTICIPANTES

Alumnado dos centros de ensino regrado asociados a **Espazocoop**. Cada grupo soamente pode presentarse unha vez e os participantes teñen que ser da mesma clase e estar dirixidos por unha mestra ou mestre.

#### 3. FORMATO CONTIDOS DO MICRO-VIDEO

Se aceptarán vídeos de entre 1 a 4 minutos, os vídeos poden incluír imaxes fixas ou móbiles, texto e/ou son. O vídeo debe conter sempre:

- Título
- Nome do colexio
- Curso escolar do equipo participante

Os vídeos estarán en galego.

Os vídeos que conteñan violencia, linguaxe difamatoria ou sexista, obscenidades, discriminacións de calquera tipo, u outros contidos inapropiados, serán automaticamente descartados do concurso.

Os vídeos que conteñan creacións de terceiros, como música, letras de cancións, fotografías, etc., sen ter dereitos deberán conter referencia aos autores das mesmas ao final do vídeo como créditos.

Cando o alumnado que presente o vídeo sexa menor de idade, será o centro de ensino, o responsable de ter o permiso das persoas que aparezan no vídeo cuxos rostros sexan recoñecibles ou consentimento dos pais/nais ou titores dos participantes.

#### 4. **COMO PARTICIPAR**

O vídeo será subido a Google Drive ou similar, enviando o enlace para poder visualizalo e descargalo a [teresa@espazo.coop](mailto:teresa@espazo.coop) , co asunto “ CONCURSO ESPAZOCOOP MULLERES CON ALMA E CORAXE”

#### 5. **PRAZO PARTICIPACIÓN**

O prazo para enviar os vídeos estará aberto dende o 1 ao 25 de Febreiro de 2017.

#### 6. **XURADO E FASES DE SELECCIÓN**

Os vídeos serán valorados por un xurado formado por dúas persoas técnicas de **Espazocoop** e unha representante da entidade Animosa ( Alma e Coraxe SLL).

Os vídeos que se presenten ao concurso, así como se vaian recibindo se irán subindo ás redes sociais (facebook), e por estes medios serán finalistas os 3 vídeos que máis aceptación teñan (a través dos botóns “gústame”, e enlaces compartidos).

#### 7. **PREMIOS**

Haberá un único vídeo gañador , onde cada membro do equipo será galardoado cun lote de produtos Animosa para cada participante do video gañador. [www.animosa.es](http://www.animosa.es)

O lote consiste en : Libreta grande (a4),1 pequena A5, 1 listaxe da merca e un taco de notas, unha cunca e 9 biografías en formato marcafollas.

A mestra ou mestre que dirixa o equipo gañador tamén levará un lote de produtos ou unha camiseta ou sueiro a elixir.

Todos os vídeos finalistas recibirán un diploma para cada participante do equipo e para o centro de ensino.

E tod@s os equipos participantes levarán 3 biografías cada un/unha en formato marcafollas.



## 8. COMUNICACIÓN DE RESULTADOS

Os resultados faranse públicos o día 8 de Marzo, e antes a través de comunicación por e-mail ao centro de ensino, e tamén se dará a coñecer nas redes de Animosa e **Espazocoop** Unión de Cooperativas Galegas.

## 9. CONSIDERACIÓNS FINAIS

A organización se reserva a toma de decisión sobre calquera aspecto non previsto nas bases, así como a interpretación en casos de dúbidas e de outras cuestións suscitadas do resultado de este concurso, gozando os seus acordos da presunción de interpretación auténtica das presentes bases.

En Vigo a 11 de xaneiro de 2017